



Instrucións do 18 de xuño de 2014 da Secretaría Xeral de Universidades, sobre o procedemento de renovación da acreditación de titulacións universitarias oficiais de grao, máster e doutoramento.

O control de calidade ao que necesariamente deben someterse as titulacións universitarias oficiais pasan por distintas fases, unha vez superada a fase inicial de deseño e aprobación mediante a verificación do título. A partir de aí iníciase a fase de seguimento da titulación a través da elaboración, por parte da universidade dun autoinforme anual de seguimento sobre a axeitada execución dos planos de estudos verificados que, na Comunidade Autónoma de Galicia son valorados pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Ademais cada catro anos no caso de máster e cada seis no caso de graos e de programas de doutoramento, os títulos oficiais deben renovar a acreditación obtida para poder seguir impartíndose, a tenor do establecido no artigo 24.2 e 27 bis na redacción do Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

O Real Decreto 534/2013, do 12 de xullo, polo que se modifica o RD 1393/2007 establece na Disposición transitoria sexta un novo prazo de implantación do sistema de renovación da acreditación das titulacións universitarias oficiais, *ampliando por dous anos, computados de data a data, o prazo aplicable para a renovación da acreditación prevista nos artigos 24.2 e 27 bis do RD 1393/2007, para aqueles títulos universitarios oficiais aos que lle correspondería obtela nos cursos académicos 2012-2013, 2013-2014 e 2014-2015.*

En resposta a esta nova situación, a Conferencia General de Política Universitaria na xuntanza do pasado 5 de marzo aproba definitivamente o *Protocolo para a renovación da acreditación de titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento*, co seguinte propósito:

- Garantir o desenvolvemento da titulación de acordo coa memoria que obtivo a verificación inicial xunto con todas as modificacións aprobadas con posterioridade.



- Garantir que a calidade dos resultados obtidos no desenvolvemento das ensinanzas correspóndese cos compromisos adquiridos e verificados.
- Garantir que o título obtivo un proceso de seguimento apropiado.
- Garantir os dereitos e deberes dos estudantes de acordo cos compromisos adquiridos pola universidade na memoria verificada.

Este protocolo de alcance a todo o territorio nacional limitábase a consensuar algúns aspectos comúns fundamentais, respectando a marxe de actuación das CCAA no que respecta á posta en marcha do procedemento de renovación voluntaria da acreditación.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 13 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 11 da Orde do 20 de marzo de 2012 modificada pola Orde do 6 de xuño de 2012, e de cara a facilitar ás universidades do Sistema Universitario de Galicia o labor de planificación e reordenación na presentación das solicitudes de renovación da acreditación, estima conveniente ditar as seguintes instrucións:

Primeira.- Títulos universitarios oficiais – As universidades poderán solicitar a renovación da acreditación para aquelas titulacións que aparecen relacionadas nos listados do Anexo I e nos prazos expresamente sinalados. Este anexo abrangue exclusivamente aquelas titulacións que, de acordo coa normativa sinalada, deben renovar a acreditación no ano 2015.

Segunda.- Documentación – A renovación da acreditación é un procedemento voluntario iniciado a petición da universidade. O expediente deberá contar coa seguinte documentación:

1. A memoria vixente do título que debe incluír todas as modificacións realizadas.
2. O informe de verificación e, no seu caso, os informes das modificacións.
3. Os informes anuais de seguimento do título, elaborados pola Universidade.
4. Os informes de seguimento do título, elaborados pola ACSUG.



5. Calquera outra documentación que a Universidade considere de interese para o proceso.
6. O informe de certificación da implantación do SGC (Programa FIDES-AUDIT) e os plans de accións de mellora anuais do mesmo.
7. Os indicadores provenientes do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU).
8. O informe da visita ao centro.

Co autoinforme de seguimento, o título porá a disposición da ACSUG o maior número posible de evidencias e indicadores, relacionados cos sete criterios, para que as comisións de avaliación realicen unha revisión das mesmas antes da visita ao centro.

Terceira.- Modo e lugar de presentación - A solicitude de renovación da acreditación presentárase por rexistro de entrada da Xunta de Galicia na data límite indicada no anexo I, dirixida á Secretaría Xeral de Universidades.

Na mesma solicitude farase constar que nesa mesma data foi presentada a totalidade da documentación na ACSUG, por ser o órgano competente para resolver, salvo no caso de que a documentación requirida xa figurase na citada axencia.

A documentación presentárase seguindo o establecido nas guías de seguimento e de renovación da acreditación existentes na actualidade.

Cuarta.- Procedemento de renovación da acreditación - O procedemento de renovación da acreditación resolverase nun prazo máximo de seis meses desde a data de solicitude, salvo nos casos que, de acordo co establecido no art. 45.5.c) da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, o órgano competente para resolver suspenda o procedemento, que en ningún caso poderá ser superior a tres meses.

Quinta.- Falta de presentación- A falta de presentación no prazo sinalado, entenderase que a universidade desiste da renovación da acreditación.

Sexta.- Fin do procedemento - Os títulos que non superen o proceso de renovación da acreditación, os títulos para os que non se solicite a renovación da acreditación ou



os títulos que soliciten a renovación de acreditación fora do prazo indicado nos listaxes do anexo adxunto, causarán baixa no RUCT perdendo o seu carácter oficial e validez no territorio nacional unha vez se extinga o plan de estudos. En todos estes casos as universidades contemplarán as medidas axeitadas que garantan os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando os citados estudos.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2014

O secretario xeral de Universidades



José Alberto Díez de Castro

ANEXO I

Fase I: Títulos oficiais universitarios que deben solicitar á renovación da acreditación o **2-09-2014**.

Fase II: Títulos oficiais universitarios que deben solicitar á renovación da acreditación o **12-11-2014**.

Fase III: Títulos oficiais universitarios que deben solicitar á renovación da acreditación o **7-01-2015**.